

ENTÓN, NON É NECESARIO CAMBIAR NADA?

Desde logo, non é necesario recortar as pensións (en Italia representan o 14% do PIB), nin elevar a idade de xubilación (Francia, por exemplo, tena aos 60 anos), nin ampliar o número de anos para o cálculo da pensión.

Esquerda Unida é partidaria de reforzar e consolidar o Sistema Público de Pensións, por iso propomos 10 medidas fundamentais:

- 1 Eliminar os topes máximos de cotización** e achegarse á proporcionalidade da cotización cos salarios reais. **Sabes que os altos salarios non cotizan por toda a súa retribución?** A cotización máxima está fixada para un salario de 3.198 euros por 12 meses. Quen gaña máis diso, é dicir 38.376 € brutos anuais, xa no cotiza máis.
- 2 Combater a economía mergullada.** Pode estimarse en 800.000 o número de traballadores que non están dados de alta na Seguridade Social.
- 3 Facilitar a incorporación da muller ao traballo.**
- 4 Transformar todas as becas**, incluídas as da Administración, **en contratos de traballo** con alta na seguridade social.
- 5 Combater o fraude de lei dalgúñas empresas** que despiden aos 11 meses, o en fin de semana o traballan con falsos autónomos.
- 6 Limitar as rebaixas nas cotizacións para programas de creación de emprego** cando teñan demostrada a súa eficacia.
- 7 Flexibilizar a idade de xubilación de forma voluntaria** en determinadas actividades profesionais, incentivando nese caso a pensión
- 8 Desenvolver políticas de estímulo de emprego, especialmente do emprego xuvenil.** A reforma do Goberno pretende facer traballar aos maiores, mentres os mozos están tombados no tresillo de casa. **Non é máis lóxico cotizar cando se é novo que ao final da idade laboral?**
- 9 Suprimir as bonificacións fiscais no IRPF pola contratación de plans de pensións privados.**
- 10** Por último, **garantir, si é necesario, a viabilidade do sistema público de pensións a través de achegas procedentes dos impostos**, tal e como se fai en países europeos como Dinamarca ou Francia.

**ACODE ÁS MANIFESTACIÓNS CONVOCADAS!
NON AO PENSIONAZO!
MOVILIZATE, QUE NON CHE FAGAN PAGAR A CRISE!**

contigo
PODEMOS


esquerda unida
www.esquerdaunida.org



PAREMOS
O "PENSIONAZO"

**A PENSIÓN
É UN DEREITO**



esquerda unida

www.esquerdaunida.org

EN DEFENSA DAS PENSIONS. FRONTE Á DESESPERANZA, HAI ALTERNATIVA



A proposta do Goberno do PSOE de atrasar a idade de xubilación e a posibilidade de ampliación do período para o cálculo da pensión de 15 a 20 anos, supón unha agresión aos dereitos sociais, ao que **a cidadanía debe dar contundente resposta.**

Ca reforma o Goberno quere:

- **Meter man nos petos dos pensionistas** por importe de 800.000 millóns de euros (4 puntos do PIB no 2030).
- **Potenciar as pensións privadas para contentar aos especuladores financeiros.** Con esta reforma, o Goberno de Zapatero desacredita o sistema público de pensións e cede ante os bancos e o poder financeiro, principais beneficiarios do sistema privado de pensións e verdadeiros culpables da crise. Es por isto que os bancos e caixas, para crear alarmas obre o futuro das pensións públicas, publican periodicamente informes anunciando o colapso das pensións no prazo de dez anos. La Caixa (1998), BBVA (2005 e 2007), Banco Santander (1992 e 1995), Banco de España (1995, 1999, 2002 e 2009)...
- **Mandar unha sinal aos inversores de capital a costa das nosas pensións.** *"Non vos preocupedes, estamos dispostos a facer o que faga falta, aínda que vaia en contra de moitos dos nosos votantes, para asegurarnos altos beneficios. Seguíde investindo en España".*

En Esquerda Unida loitaremos, na rúa e nas institucións, para que:

- **Non se aumente a idade de xubilación** por enriba dos 65 anos.
- **Non se incremente o período do cómputo** para calcular a pensión máis alá dos 15 anos.
- **As pensións se revaloricen** ao menos o mesmo que aumenten os prezos (IPC) e máis aínda para as pensións máis baixas.

A REFORMA DO GOBERNO É UNHA TREMENDA INJUSTIZA

O Goberno recorta as pensións por importe de 80.000 millóns segundo os datos recollidos no Plan de Austeridade que se enviou a Bruxelas. Cando se aplique completamente, haberá 12 millóns de pensionistas (3,5 millóns máis que agora) e 80.000 millóns de euros menos para pensións, e dicir **6.660 euros menos por pensionista.**

Se, como pretende o Goberno, o período de cálculo pasa de 15 a 25 anos, recortaranse as pensións nuns 40.000 millóns de euros por este concepto. **Cantos máis anos serven para o cálculo, máis baixa é a pensión porque os salarios e as cotizacións máis antigas eran tamén máis baixos e non están suficientemente ponderados.**

Con esta reforma, que representa **a maior agresión ao Estado social nos últimos anos** ao supoñer unha redución da pensión vitalicia do 10%, o Goberno do PSOE consolida o seu xiro a dereita asumindo as vellas receitas neoliberais de reducir os dereitos dos traballadores e traballadoras para saír dunha crise provocada pola avaricia do capital.

A REFORMA DO GOBERNO É INNECESARIA

O Sistema Público de Pensións é forte e está consolidado. **O ano 2009, en plena crise, tivo un superávit de 8.500 millóns de euros.** O Fondo de Garantía aumentárase ata chegar aos 62.000 millóns de euros.

Os argumentos alarmistas que dá o Goberno son enganosos e carecen de rigor:

- **O argumento principal da esperanza de vida é incorrecto.** O aumento da esperanza de vida débese a que descendeu a mortalidade infantil e mellorou a saúde da poboación (en todo caso, isto só significaría que hai máis cotizantes). **Que aumente a esperanza de vida 4 anos non significa que todas as persoas vivan 4 anos máis.**
- Tamén é falso o argumento de que o incremento do gasto en pensións será excesivo no futuro. Véxase a táboa cos datos oficiais do 2007 en miles de millóns de euros.

	2010	2030	2060
PIB	1.143,30	1.969,40	2.810,30
Gasto en pensións	101,75	212,70	424,36
Resto para outros factores	1.041,55	1.776,70	2.385,94

Estes datos amosan que en 2030 a cifra dispoñible para factores que non son pensións é o 175% da de 2010, e en 2060 máis do dobre.

- **O Goberno adianta previsións demográficas completamente carentes de rigor posto que non se poden facer cálculos serios que vaian máis aló de 10 anos.** Ademais, **o decisivo nun sistema de pensións de repartición, como é o caso español, non é o número de mozos e adultos que hai por cada xubilado, senón o número de cotizantes e o importe da cotización por cada un de eles.** Pois ben, o número de cotizantes e as cantidades cotizadas aumentaron e seguirano facendo no futuro. Tomemos de novo datos oficiais: o Goberno estima que do 2010 ao 2030 haberá un aumento de 2,5 millóns de cotizantes e as cotizacións aumentarán polo aumento dos salarios reais.
- Os datos confirman que, **en España, un executivo de Banco, por exemplo, vive en media, 10 anos máis que un obreiro manual ou que a señora que limpa o Banco.** Coa reforma proposta produciríase o feito de que a limpadora tería que traballar dous anos máis para que cobre dez anos a súa pensión o executivo do seu banco. Isto é contrario á xustiza social e ao sentido común.

